



BOP

MÉRCORES, 29 DE ABRIL DE 2026

N.º 096

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACION E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2026/CON_02/000035.- CHANTADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1819 “Quinzán das Peras (LU-213) - Gordón - Mundín” p.k. 0+000 a 3+738

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 24 de abril de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1066

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Mediante resolución de Alcaldía do día 21 de abril de 2026 aprobáronse as bases específicas que rexerán a bolsa de emprego para a cobertura do persoal de apoio do PAI do Concello de Baralla (Lugo) en réxime de persoal laboral temporal eventual por circunstancias da produción e/ou de interinidade por substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, ao abeiro do artigo 15 do Texto refundido do estatuto dos traballadores coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- Baixas por incapacidade temporal.
- Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo do Punto de Atención á Infancia.
- Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas **bases específicas** da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla e na sede electrónica do Concello <https://baralla.sedelectronica.es>

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

Baralla, 21 de abril de 2026.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 1041

Anuncio

Mediante resolución de Alcaldía do día 21 de abril de 2026 aprobáronse as bases específicas que rexerán a bolsa de emprego para a cobertura do persoal técnico do PAI do Concello de Baralla (Lugo) en réxime de persoal laboral temporal eventual por circunstancias da produción e/ou de interinidade por substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, ao abeiro do artigo 15 do Texto refundido do estatuto dos traballadores coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- Baixas por incapacidade temporal.
- Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo do Punto de Atención á Infancia.
- Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas **bases específicas** da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla e na sede electrónica do Concello <https://baralla.sedelectronica.es>

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

Baralla, 21 de abril de 2026.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 1042

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

De conformidade cos artigos 112 da Lei 7/1985, do 2 de abril e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello en Pleno en sesión ordinaria celebrada o 13/03/2026 adoptou o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral desta entidade para o exercicio económico de 2026, que resultou definitivamente aprobado tra-lo transcurso do prazo de exposición pública sen que se teñan presentado reclamacións contra o mesmo.

Faise público que o Orzamento ascende, en ingresos e gastos á cantidade de **1.348.000,00 €** correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

Estado de Gastos		2026
Capítulo 1	GASTOS DE PERSOAL	828.190,81
Capítulo 2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS	353.406,27
Capítulo 3	GASTOS FINANCEIROS	400,00
Capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	29.150,00
Capítulo 5	FONDO DE CONTINGENCIA	0,00
Capítulo 6	INVERSIÓNS REAIS	45.017,53
Capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.650,00
Capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
Capítulo 9	GASTOS FINANCEIROS	90.185,39
Total Gastos		1.348.000,00

Estado de Ingresos		2026
Capítulo 1	IMPOSTOS DIRECTOS	193.624,23
Capítulo 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	16.000,00
Capítulo 3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	119.000,00

Capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	926.690,38
Capítulo 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.500,00
Capítulo 6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
Capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
Capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
Capítulo 9	GASTOS FINANCEIROS	90.185,39
Total Ingresos		1.348.000,00

Asimesmo, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal desta Corporación que, de conformidade co art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
DENOMINACIÓN	SITUACIÓN	Nº	GRUPO	NIVEL CD
SECRETARIO INTERVENTOR	Ocupada en propiedade	1	A1	28
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	Ocupada en propiedade	1	A1	22
TRABALLADOR SOCIAL	Titular en comisión de servizos Cuberta en réxime de interinidade	1	A2	21
OFICIAL RESPONSABLE DE SERVIZOS MULTIPLES	Ocupada en propiedade	1	C2	16
AUXILIAR ADMINISTRATIVO 001	Ocupada en propiedade	1	C2	18
AUXILIAR ADMINISTRATIVO 002	Vacante incluída na OEP 2025	1	C2	18

PERSOAL LABORAL			
DENOMINACIÓN	XORNADA	SITUACIÓN	Nº
AUXILIAR SERVIZO AXUDA NO FOGAR (001)	100%	Vacante incluída na OEP 2025	1
AUXILIAR SERVIZO AXUDA NO FOGAR (002 a 004)	100%	Ocupadas en propiedade	3
AUXILIAR SERVIZO AXUDA NO FOGAR (005)	100%	Titular en excedencia	1
AUXILIAR SERVIZO AXUDA NO FOGAR (006 a 007)	100%	Ocupadas en propiedade	2
AUXILIAR SERVIZO AXUDA NO FOGAR (008 a 009)	100%	Vacantes	2
PEÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS	100%	Ocupadas en propiedade	6

De conformidade co artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establece a Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-administrativa.

Folgo do Courel, 21 de abril de 2026.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1043

GUITIRIZ*Anuncio***Aprobación do prezo da comida de maiores do ano 2026.**

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 15 de Abril de 2026 acordou a aprobar os prezos para a comida de maiores do Concello de Guitiriz a celebrar o 21 de Maio de 2026 coas seguintes tarifas:

10 euros para as persoas maiores de 65 anos

20 euros para acompañante (cónxuxe, parella ou acompañante de persoa dependente)

45 euros para o resto de persoas que queiran asistir

Guitiriz, 15 de abril de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1044

PANTÓN*Anuncio*

Na sesión celebrada o 17.04.2026, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o padrón fiscal do prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de marzo de 2026.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e formular observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Poderanse interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.

- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- -Tributo ao cobro: Prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de marzo de 2026.
- Prazo de ingreso en período voluntario: 24.04.26 ao 24.06.26, ambos incluídos. Data de cargo en conta bancaria: 27.04.26.
- Modalidade de ingreso: A través do servizo de recadación do Concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar, días e horario de ingreso: Oficinas de recadación do concello de Pantón, de luns a venres laborais, de 9 a 14 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciábase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 22 de abril de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1045

RÁBADE*Anuncio*

Por resolución da Alcaldía-Presidencia do Concello de Rábade de data 20 de abril de 2026 prestouse aprobación ao Padrón de licenzas de terrazas correspondente ao exercicio de 2025, por importe de 1.372,00 (mil trescentos setenta e dous) €. Exponse ao público polo prazo de vinte días contados a partir do seguinte á súa publicación no

BOP a efectos de exame e reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcorrido o devandito prazo non se formularan reclamacións contra o mesmo. Asimesmo acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario o mes de maio de 2026. Aos contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento, seranlles cargados nas súas contas bancarias respectivas. Terminado o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, iniciárase o período de constrinximento, cos recargos e xuros que establece a lexislación tributaria aplicable.

Rábade, 20 de abril de 2026.- A alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 1046

SARRIA

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO. PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DE MARZO DE 2026**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido no artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 6 de abril de 2026.- O alcalde-presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1047

TABOADA

Anuncio

DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DE ALCALDÍA NO TENENTE DE ALCALDE. Exp. 470/2025.

Por Resolución de Alcaldía de data 20 de abril de 2026 aprobouse a Resolución cuxa parte dispositiva se transcribe:

PRIMEIRO. Delegar en **Don José Portela Gómez Macías con dni: ***2076**** Tenente de Alcalde Concello de Taboada a competencia de Alcaldía para a competencia resolutoria **relativas á fase tramitación administrativa do expediente 470/2026 ADQUISICIÓN DIRECTA DAS SEGUINTE PARCELAS**

REF. CATASTRAL
27060A032000430000JE
27060A032000460000JU
27060A032000470000JH
27060A032000510000JW

27060A032000530000JB
27060A032000550000JG
27060A034000290000JU
27060A034000280000JZ
27060A034002260000JA
27060A035000010000JI
27060A035000020000JJ
27060A035000020000JJ
27060A035000030000JE
27060A035000040000JS
27060A035003590000JH

e en consecuencia, delegación da competencia para a sinatura de todos os documentos que se deriven do presente contrato na Notaría de Chantada aos efectos de representar ao Concello de Taboada.

SEGUNDO. A delegación conferida na presente resolución requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

TERCEIRO. A presente resolución será publicada no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre e incorporárase aos oportunos efectos ao expediente das actuacións que se deriven da execución do **CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE TABOADA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS “MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS” NO CONCELLO DE TABOADA, ANO 2025.**

CUARTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en canto ás regras que para a delegación se establecen en ditas normas.

QUINTO. Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co lo que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía de este Concello, no termo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo, no prazo de 6 meses a contar dende o día seguinte a aquel en que o Concello tería que resolver o recurso de reposición, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. No caso de resolución expresa desestimatoria do recurso de reposición, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de dous meses ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativa.

Taboada, 22 abril de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1048

Anuncio

DELEGACIÓN DE FUNCÍONS DE ALCALDÍA NO TENENTE DE ALCALDE. **Exp. 470/2025.**

Por Resolución de Alcaldía de data 17 de abril de 2026 apróbase a Resolución cuxa parte dispositiva se transcribe:

PRIMEIRO. Delegar en **Don José Portela Gómez Macías con dni: ***2076**** Tenente de Alcalde Concello de Taboada a competencia de Alcaldía para a competencia resolutoria **relativas á fase tramitación administrativa do expediente 470/2026 PERMUTA DE PARCELAS E 27060A032000560000JQ e 398 m2 da**

27060A034000260000JE POR porción B 1601801PH0310S0001SS e en consecuencia, delegación da competencia para a sinatura de todos os documentos que se deriven do presente contrato na Notaría de Chantada aos efectos de representar ao Concello de Taboada.

SEGUNDO. A delegación conferida na presente resolución requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

TERCEIRO. A presente resolución será publicada no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre e incorporarse aos oportunos efectos ao expediente das actuacións que se deriven da execución do **CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE TABOADA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS “MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS” NO CONCELLO DE TABOADA, AÑO 2025.**

CUARTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en canto ás regras que para a delegación se establecen en ditas normas.

QUINTO. Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co lo que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía de este Concello, no termo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo, no prazo de 6 meses a contar dende o día seguinte a aquel en que o Concello tería que resolver o recurso de reposición, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. No caso de resolución expresa desestimatoria do recurso de reposición, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de dous meses ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativa.

Taboada, 22 abril de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1049

Anuncio

DELEGACIÓN DE FUNCIONS DE ALCALDÍA NO TENENTE DE ALCALDE.

Por Resolución de Alcaldía de data 13 de febreiro de 2026 aprobose a Resolución cuxa parte dispositiva se transcribe:

PRIMEIRO. Delegar en **Don José Portela Gómez Macías con dni: 76620763N**, Tenente de Alcalde Concello de Taboada a competencia de Alcaldía para a competencia resolutoria relativas ás fases de aprobación do gasto, adxudicación do contrato e Recoñecemento da obriga do expediente 83/2026 **ADQUISICIÓN DIRECTA PARCELA 1403301PH0310S0001KS** e en consecuencia, delegación da competencia para a sinatura de todos os documentos que se deriven do presente contrato na Notaría de Chantada aos efectos de representar ao Concello de Taboada.

SEGUNDO. A delegación conferida na presente resolución requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

TERCEIRO. A presente resolución será publicada no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre e incorporarse aos oportunos efectos ao expediente das actuacións que se deriven da execución do **CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE TABOADA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓN DE “MELLORA E URBANIZACIÓN DO CAMPO DA FEIRA, DOS SEUS ACCESOS E DA CONTORNA DO ANTIGO MATADOIRO; E ADQUISICIÓN DE DÚAS PARCELAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE TABOADA” NO CONCELLO DE TABOADA, AÑO 2025.**

CUARTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en canto ás regras que para a delegación se establecen en ditas normas.

QUINTO. Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co lo que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá

interpore, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía de este Concello, no termo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante Sección do Contencioso Administrativa do Tribunal de Instancia de Lugo, no prazo de 6 meses a contar dende o día seguinte a aquel en que o Concello tería que resolver o recurso de reposición, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. No caso de resolución expresa desestimatoria do recurso de reposición, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de dous meses ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativa.

Taboada, 13 de febrero de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1050

O VICEDO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 15 de abril de 2026, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo de 2026 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 15 de abril de 2026.- O alcalde-presidente, José Jesús Novo Martínez.

R. 1051

XOVE

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía nº 2026-0450, de data 22 de abril de 2026, aprobose inicialmente o Padrón da Taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga e recollida domiciliaria de lixo correspondente ao terceiro trimestre de 2025.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico - administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 29 de abril de 2026 a 28 de xuño de 2026; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 22 de abril de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1052